

Presidente da Asociación
Terras de Miranda
Casa da Cultura. C/Alfonso VII, 31-1º
27740 Mondoñedo
(Lugo)

MODIFICACIÓN da resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e priorización de proxectos correspondentes ao GDR “Terras de Miranda”, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Antecedentes.-

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procedeu á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 25 de xuño de 2016.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emitíuse, o 30/01/2017, a RESOLUCIÓN do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020.

O 10/11/2017 ten entrada en Agader solicitude de modificación do apartado 5.2.1. dos criterios de selección que se reflicten no Anexo I da citada Resolución do 30/01/2017 do director xeral da Agader, pola que se aprobaron as normas de xestión da Estratexia para o período 2014-2020.

Fundamentos de dereito.-

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de



desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR «Asociación Costa da morte-GDR», para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciado co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

Unha vez comprobado que non existe ningún proxecto presentado con anterioridade a esta data que estea pendente de resolución ou que poida resultar afectado, tanto directa como indirectamente pola aprobación desta modificación dos criterios de selección e/ou de priorización de proxectos,

RESOLVO:

Modificar a Resolución do 30/01/2017, do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020, de xeito que o apartado 6.4. do anexo I da mesma, modifícase da seguinte maneira:

Os apartados do baremo de proxectos produtivos de “creación ou consolidación de emprego” e de “Incidencia medio ambiental do proxecto” que sinalaban o seguinte:

CREACIÓN OU CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO.

Emprego (UTA: Unidades de Traballo Anual) máximo 26 puntos

	Mozos ≤ 40 anos	Persoas ≥ 50 anos	Mulleres	Persoas con discapacidade
a. Creación de emprego	8 p. por UTA	10 p. por UTA	12 p. por UTA	14 p. por UTA
b. Autoemprego	10 p. por UTA	12 p. por UTA	15 p. por UTA	17 p. por UTA
c. Consolidación de emprego	4 p. por UTA	6 p. por UTA	8 p. por UTA	10 p. por UTA

Barefacción por creación ou consolidación de emprego.

En referencia ao cálculo da puntuación para proxectos que non xeren UTAs completas de emprego, o cálculo realizarase por regra de tres proporcional ás UTA e a puntuación de cada apartado, sendo necesario para poder puntuar neste epígrafe ter unha xeración de UTAs igual ou superior a 0,25 UTAs.



INICIDENCIA MEDIO AMBIENTAL DO PROXECTO.

Medio ambiente

máximo 10 puntos

a. Utiliza nos insumos un 10% de materiais reciclables	8 p.
b. Utiliza enerxías renovables nun 5% do investimento aceptado.	8 p.
c. Utiliza tecnoloxías que permiten diminuír nun 10% o consumo enerxético.	8 p.
d. O proxecto supón un acondicionamento ou adecuación de un espazo natural protexido.	10 p.
e. O proxecto supón a posta en valor de recursos patrimoniais e ambientais	10 p.

Baremación por incidencia ambiental do proxecto.

As porcentaxes ás que se fai referencia nos apartados a, b e c aplicaranse sobre o investimento aceptado e presentarase ademais un informe técnico que acredite esta circunstancia. O punto c só sería puntuable no caso dunha ampliación ou modernización.

Substitúense polos seguintes:

CREACIÓN E OU CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO.

Emprego (UTA: Unidades de Traballo Anual)

máximo 26 puntos

	Persoas ≤ 40 anos	Persoas ≥ 50 anos	Mulleres	Persoas con discapacidade
a. Creación de emprego	8 p. por UTA	10 p. por UTA	12 p. por UTA	14 p. por UTA
b. Autoemprego	10 p. por UTA	12 p. por UTA	15 p. por UTA	17 p. por UTA
c. Consolidación de emprego	4 p. por UTA	6 p. por UTA	8 p. por UTA	10 p. por UTA

Baremación por creación ou consolidación de emprego.

En referencia ao cálculo da puntuación para proxectos que non xeren UTAs completas de emprego, o cálculo realizarase por regra de tres proporcional ás UTA e a puntuación de cada apartado, sendo necesario para poder puntuar neste epígrafe ter unha xeración de UTAs igual ou superior a 0,25 UTAs.

INICIDENCIA MEDIO AMBIENTAL DO PROXECTO.

Medio ambiente

máximo 10 puntos



a. Utiliza nos insumos un 10% de materiais reciclados	8 p.
b. Utiliza enerxías renovables nun 5% do investimento aceptado.	8 p.
c. Utiliza tecnoloxías que permiten diminuír nun 10% o consumo enerxético.	8 p.
d. O proxecto supón un acondicionamento ou adecuación de un espazo natural protexido.	10 p.
e. O proxecto supón a posta en valor de recursos patrimoniais e ambientais	10 p.

Baremación por incidencia ambiental do proxecto.

As porcentaxes ás que se fai referencia nos apartados a, b e c aplicaranse sobre o investimento aceptado e presentarase ademais un informe técnico que acredite esta circunstancia. O punto c só sería puntuable no caso dunha ampliación ou modernización.

No apartado a enténdese como materiais reciclados, aqueles materiais que xa pasaran por un proceso de reciclaxe. Tería que xustificarse que se fai utilización dos mesmos nun 10% sobre o volume total de compra de insumos.

Os apartados do baremo de proxectos non produtivos de “Modalidade do proxecto”, “Creación ou consolidación de emprego”, “Incidencia medio ambiental do proxecto” e “Adecuación da acción aos obxectivos e natureza do programa de desenvolvemento”, que sinalaban o seguinte:

MODALIDADE DO PROXECTO

Modalidade do proxecto **máximo 10 puntos**

Proxecto non produtivo.-

a. Recuperación ambiental/patrimonial	6 p.
b. Promoción	6 p.
c. Infraestruturas Públicas	6 p.
d. Servicios sociais	8 p.

Baremación por modalidade do proxecto non produtivo.

Como promoción consideraranse as actuacións que repercutan no desenvolvemento da identidade territorial, creación, consolidación ou difusión dos valores culturais, patrimoniais, ambientais ou turísticos da comarca por diferentes medios: Sinalización, medios dixitais, impresos, eventos, etc...

Por infraestruturas públicas considerásense neste baremo as obras realizadas pola administración pública para establecer un servizo de interese xeral que pode ter enfoque



turístico e mesmo recreativo, incluíndose accións de sinalización turística e musealización.

(Soamente poderase puntuar nun dos dous epígrafes. Un financiamento dubidoso pode ser motivo de anulación do expediente).

CREACIÓN OU CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO.

Emprego (UTA: Unidades de Traballo Anual)

máximo 26 puntos

	mozos	Persoas	Mulleres	Persoas con
<i>a. Proxecto non produtivo que require emprego para o seu desenvolvemento</i>	<i>≤ de 40 anos</i>	<i>≥ de 50 anos</i>		<i>discapacidade</i>
	<i>8 p. por UTA</i>	<i>10 p. por UTA</i>	<i>12 p. por UTA</i>	<i>14 p. por UTA</i>

En referencia ao cálculo da puntuación para proxectos que non xeren UTAs completas de emprego, o cálculo realizarase por regra de tres proporcional ás UTA e a puntuación de cada apartado, sendo necesario para poder puntuar neste epígrafe ter unha xereación de *UTAs igual ou superior a 0,25 *UTAs.

INCIDENCIA MEDIA AMBIENTAL DO PROXECTO.

Medio ambiente

máximo 10 puntos

a. Utiliza nos insumos un 10% de materiais reciclables	8 p.
b. Utiliza enerxías renovables nun 5% do investimento aceptado.	8 p.
c. Utiliza tecnoloxías que permiten diminuír nun 10% o consumo enerxético.	8 p.
d. O proxecto supón un acondicionamento ou adecuación de un espazo natural protexido.	10 p.
e. O proxecto supón a posta en valor de recursos patrimoniais e ambientais	10 p.

Baremación por incidencia ambiental do proxecto.

As porcentaxes ás que se fai referencia nos apartados a, b e c aplicaranse sobre o investimento aceptado e presentarase ademais un informe técnico que acredite esta circunstancia. O punto c só sería puntuable no caso dunha ampliación ou modernización.

ADECUACIÓN DA ACCIÓN AOS OBXECTIVOS E NATUREZA DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO.

Concordancia e sintonía da iniciativa cos obxectivos e estratexia do programa

máximo 16 puntos



Concordancia con algún dos seguintes apartados:

· Investimentos en creación e mellora de servizos de benestar á poboación, de igualdade, de coidado ás persoas maiores, vítimas de violencia de xénero e de colectivos desfavorecidos. 16 p.

· Investimentos de mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ; así como o seu uso no medio rural 16 p.

· Investimentos para o uso público en infraestruturas recreativas, deportivas e de ocio ,información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala. Fomento de actividades turísticas, rutas de sendeirismo e sinalización turística. 14 p.

· Investimentos para o mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural, cultural e etnográfico. 14 p.

· Investimentos para a realización de actividades recreativas de posta en valor do patrimonio natural, patrimonial, cultural, artesanal e gastronómico do territorio. 12 p.

· Realización de estudos, publicacións, edicións de libros ou material audiovisual ,certames ou feiras, páxinas web e material promocional e de difusión do territorio. 12 p.

Baremación por concordancia e sintonía da iniciativa cos obxectivos e estratexia.

Substitúense polos seguintes:

MODALIDADE DO PROXECTO

Modalidade do proxecto **máximo 12 puntos**

Proxecto non produtivo.-

a. Recuperación ambiental/patrimonial 6 p.

b. Promoción 6 p.

c. Infraestruturas Públicas 6 p.

d. Servizos sociais/ TICs / I+D+i 8 p.

Baremación por modalidade do proxecto non produtivo.

Como promoción consideraranse as actuacións que repercutan no desenvolvemento da identidade territorial, creación, consolidación ou difusión dos valores culturais, patrimoniais, ambientais ou turísticos da comarca por diferentes medios: Sinalización, medios dixitais, impresos, eventos, etc...

Por infraestruturas públicas considerásense neste baremo as obras realizadas pola administración pública para establecer un servizo de interese xeral que pode ter enfoque turístico e mesmo recreativo, incluíndose accións de sinalización turística e musealización.



(Soamente poderase puntuar nun dos dous epígrafes. Un financiamento dubidoso pode ser motivo de anulación do expediente).

O proxecto sumará catro puntos en calquera das tipoloxías contempladas cando se creen sinerxias durante a realización da nova actividade. Entendendo como tal, colaboración con outras entidades públicas ou privadas, para conseguir que o efecto no territorio sexa maior. (Presentarase convenio de colaboración entre as partes)

CREACIÓN OU CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO.

Emprego (UTA: Unidades de Traballo Anual) máximo 24 puntos

	<i>Persoas</i>	<i>Persoas</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Persoas con</i>
<i>a. Proxecto non produtivo que require emprego para o seu desenvolvemento</i>	<i>≤ de 40 anos</i>	<i>≥ de 50 anos</i>		<i>discapacidade</i>
	<i>8 p. por UTA</i>	<i>10 p. por UTA</i>	<i>12 p. por UTA</i>	<i>14 p. por UTA</i>

En referencia ao cálculo da puntuación para proxectos que non xeren UTAs completas de emprego, o cálculo realizarase por regra de tres proporcional ás UTA e a puntuación de cada apartado, sendo necesario para poder puntuar neste epígrafe ter unha xereación de *UTAs igual ou superior a 0,25 *UTAs.

INCIDENCIA MEDIO AMBIENTAL DO PROXECTO.

Medio ambiente máximo 10 puntos

a. Utiliza nos insumos un 10% de materiais reciclados	8 p.
b. Utiliza enerxías renovables nun 5% do investimento aceptado.	8 p.
c. Utiliza tecnoloxías que permiten diminuír nun 10% o consumo enerxético.	8 p.
d. O proxecto supón un acondicionamento ou adecuación de un espazo natural protexido.	10 p.
e. O proxecto supón a posta en valor de recursos patrimoniais e ambientais	10 p.

Baremación por incidencia ambiental do proxecto.

As porcentaxes ás que se fai referencia nos apartados a, b e c aplicaranse sobre o investimento aceptado e presentarase ademais un informe técnico que acredite esta circunstancia. O punto c só sería puntuable no caso dunha ampliación ou modernización.

No apartado a enténdese como materiais reciclados, aqueles materiais que xa pasaran por un proceso de reciclaxe. Tería que xustificarse que se fai utilización dos mesmos nun 10% sobre o volume total de compra de insumos.



ADECUACIÓN DA ACCIÓN AOS OBXECTIVOS E NATUREZA DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO.

Concordancia e sintonía da iniciativa cos obxectivos e estratexia do programa

máximo 16 puntos

Concordancia con algún dos seguintes apartados:

· Investimentos en creación e mellora de servizos de benestar á poboación, de igualdade, de coidado ás persoas maiores, vítimas de violencia de xénero e de colectivos desfavorecidos.	16 p.
· Investimentos de mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e en I+D+i ; así como o seu uso no medio rural	16 p.
· Investimentos para o uso público en infraestruturas recreativas, deportivas e de ocio ,información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala. Fomento de actividades turísticas, rutas de sendeirismo e sinalización turística.	14 p.
· Investimentos para o mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural, cultural e etnográfico.	14 p.
· Investimentos para a realización de actividades recreativas de posta en valor do patrimonio natural, patrimonial, cultural, artesanal e gastronómico do territorio.	12 p.
· Realización de estudos, publicacións, edicións de libros ou material audiovisual ,certames ou feiras, páxinas web e material promocional e de difusión do territorio.	12 p.

Barefacción por concordancia e sintonía da iniciativa cos obxectivos e estratexia.

Por outra parte, a prioridade dos proxectos non produtivos segundo a estratexia proposta, que era a seguinte:

Segundo a estratexia exposta considéranse proxectos non produtivos de prioridade alta os seguintes:

- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas.
- A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (por exemplo, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, etc...)
- Prestación de servizos en xeral á poboación.

Segundo a estratexia exposta considéranse proxectos non produtivos de prioridade media os seguintes:

- Actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais.
- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.
- Infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística.
- Rutas de sendeirismo e outras infraestruturas turísticas.
- Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural e cultural.
- Sinalización turística territorial e definición de rutas.



- Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.

Segundo a estratexia exposta considéranse proxectos non produtivos de prioridade baixa os seguintes:

- Estudos, informes, publicacións
- Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web
- Certames ou feiras
- Edición de libros ou material audiovisual

Substitúense pola seguinte:

Segundo a estratexia exposta considéranse proxectos non produtivos de prioridade alta os seguintes:

- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas.
- A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (por exemplo, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, etc...), proxectos de investigación en I+D+i e aulas de formación.
- Prestación de servizos en xeral á poboación, incluídos entre outros, os destinados á poboación dependente, infancia, xoves e colectivos vulnerables. Servizos que melloren as problemáticas de xénero e propicien a conciliación familiar e a incorporación destes colectivos ao mercado laboral.
- Actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais.
- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.
- Infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística.
- Rutas de sendeirismo e outras infraestruturas turísticas.
- Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural e cultural.
- Sinalización turística territorial e definición de rutas.

Segundo a estratexia exposta considéranse proxectos non produtivos de prioridade media os seguintes:

- Proxectos e actuacións medioambientais, entre outras: puntos limpos, plantas de tratamento de residuos, puntos de reciclaxe, centros de recollida selectiva, etc..



- Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural, patrimonial, artesanal ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.
- Actuacións relacionadas con dotacións a actividades culturais, deportivas e de ocio, realizadas por asociacións culturais e deportivas.

Segundo a estratexia exposta considéranse proxectos non produtivos de prioridade baixa os seguintes:

- Estudos, informes, publicacións
- Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web
- Certámenes, feiras ou xornadas
- Edición de libros ou material audiovisual
- Centros ou locais sociais

O resto dos contidos da mesma permanecen inalterables.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela.

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

